

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**18066** *Real decreto 1546/2011, do 31 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación nos anos 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable aos réximes de axuda comunitarios establecidos no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003. Desde a súa aprobación viuse a necesidade de modificar certos aspectos deste para unha mellor comprensión da norma e axuste aos obxectivos perseguidos polo lexislador. O obxecto deste real decreto é realizar as mencionadas modificacións.

En particular, clarificar a redacción dos artigos referidos ás axudas específicas ao gando ovino e cabrún, tanto á axuda destinada a agricultores de ovino e cabrún cuxa produción estea amparada por denominacións de calidade como á destinada a agricultores de ovino e cabrún cuxas explotacións se orientan á produción de carne co fin de compensar as desvantaxes específicas ligadas á súa viabilidade económica. En ambos os casos cómpre aclarar algúns dos requisitos e condicións exixidos para a percepción da axuda, incluíndo de maneira expresa aspectos que xa se prevén na normativa específica sobre denominacións de calidade ou etiquetaxe facultativa e que, por seguridade xurídica para os operadores, deben ter reflexo no Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro.

Ademais, parece conveniente basear a certificación externa que deben levar a cabo as entidades independentes de control para verificar o cumprimento dos elementos que proporcionan valor engadido nos programas de calidade da carne e leite de vacún, en aspectos técnicos, dependentes caso por caso das condicións de produción especificadas en cada un dos pregos de etiquetaxe facultativa ou esquemas de certificación.

En desenvolvemento das decisións adoptadas no marco do recoñecemento médico da PAC, a reconversión paulatina dos pagamentos adicionais do artigo 69 en medidas de axuda específica do artigo 68, fai necesario que mediante este real decreto se establezan os novos importes de financiamento comunitario destinados a ambos os tipos de axuda no sector lácteo.

A regulación básica aplicable ao réxime de pagamento único, contida neste real decreto, dítase en desenvolvemento e facendo uso da potestade regulamentaria habilitada polo artigo 120 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e de acordo coa disposición derradeira sexta da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, que faculta o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da dita lei nas materias competencia do Estado.

Estas axudas quedan excluídas do réxime de axudas de Estado, por canto o Regulamento CE 73/2009, do 19 de xaneiro de 2009, prevé expresamente que as disposicións deste regulamento que poderían orixinar un comportamento dun Estado membro susceptible de constituír unha axuda estatal quedan excluídas, salvo que se dispoña o contrario no mencionado regulamento, do ámbito de aplicación das normas en materia de axuda estatal, tendo en conta de que as disposicións en cuestión inclúen

condicións adecuadas para evitar que a concesión de axuda provoque un falseamento indebido da competencia, ou prevén a adopción de tales condicións pola Comisión.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación nos anos 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación nos anos 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 56 queda redactado do seguinte modo:

«2. O límite orzamentario dos pagamentos adicionais ao sector lácteo será de 17.786.700 euros.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 85, que queda redactado como segue:

«1. Os agricultores que queiran optar a estas axudas deberán comercializar baixo os programas de produción de calidade de que se trate a produción de, polo menos, un 15 % das femias elixibles da explotación. No caso de explotacións con ambas as especies, ovella e cabra, comprobarase se se cumpre este requisito en cada unha das especies independentemente. No caso de explotacións con distintas orientacións produtivas para unha mesma especie, para considerar cumprido este requisito deberase alcanzar a dita porcentaxe nalgunha das orientacións produtivas. En todo caso, para unha mesma especie, a axuda percibirase por unha das orientacións produtivas. Para todas as denominacións de calidade, o cómputo das cantidades comercializadas para o cumprimento desta porcentaxe mínima exixida comezarse a realizar a partir da data en que a dita mención foi autorizada pola autoridade competente en cada caso.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 86, que queda coa seguinte redacción:

«3. O importe das axudas por animal elixible será:

a) No caso de denominacións de calidade de ámbito comunitario: o importe completo da axuda.

b) No caso de denominacións de calidade de ámbito nacional: o 80 por cento do importe completo da axuda.

En caso de que nunha explotación se comercialicen simultaneamente producións de calidade baixo denominacións de ambos os ámbitos, comunitario e nacional, o cálculo dos importes da axuda realizarase contabilizando as femias elixibles de cada ámbito de calidade por separado.

Para poder realizar o pagamento da axuda, os responsables dos pregos de etiquetaxe facultativa, consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas, denominacións de orixe protexidas, ou as entidades que acreditan a produción gandeira ecolóxica e integrada comunicarán aos organismos competentes das comunidades autónomas, para estes efectos, antes do 1 de febreiro do ano seguinte ao da presentación da solicitude única, a información necesaria sobre as explotacións e titulares que comercializaron a súa produción

durante o ano anterior ao abeiro destes programas de calidade dos que sexan responsables, segundo os datos mínimos que se especifican no anexo XIII.»

Catro. O artigo 87.1 queda modificado como segue:

«1. En virtude da alínea b) do número 1 do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, concederáselles unha axuda específica aos titulares de explotacións de ovino e/ou cabrún de aptitude cárnica que se agrupen entre si en entidades asociativas co fin de que, a través do fomento da mellora da súa competitividade ou da ordenación da oferta ou do incremento do valor da súa produción, se poida garantir a súa permanencia na actividade.»

Cinco. O artigo 88 substitúese polo seguinte:

«Artigo 88. *Requisitos e compromisos.*

1. As axudas limitaranse a titulares de explotacións de ovino e/ou cabrún agrupados nalgunha das entidades asociativas que define o artigo 6, alíneas a) e b), da Lei 19/1995, do 4 de xullo, cuns censos mínimos de femias reprodutoras elixibles, propiedade dos titulares de explotación agrupados, de 5.000 reprodutoras e en cuxos estatutos se desenvolva como finalidade algún dos seguintes obxectivos:

- a) A dotación de infraestruturas para a ceba e tipificación de cordeiros/cabritos e/ou a comercialización en común da súa carne e/ou la.
- b) Emprender accións comúns para mellora da rastrexabilidade e/ou etiquetaxe da produción.
- c) Dotación de servizos comúns e de substitución (por exemplo, para o pastoreo, rapa, etc.).
- d) Levar a cabo accións comúns de formación, mellora tecnolóxica ou innovación, no ámbito da produción e/ou da comercialización.

Un titular de explotación de ovino e/ou cabrún só poderá presentar unha única solicitude de axuda vinculada á entidade asociativa da súa elección, que deberá indicar na solicitude.

2. Pola súa vez, as entidades asociativas comprometeranse a:

a) Manter a súa actividade e, polo menos, o 90 por cento do censo indicativo durante os tres anos seguintes á data de solicitude da primeira axuda, é dicir, durante o ano de solicitude e os dous seguintes.

Para os efectos dos compromisos derivados do mantemento do censo indicativo da entidade asociativa só se considerarán os animais elixibles dos solicitantes.

b) Achegar compromiso individual dos titulares de explotación agrupados de permaneceren, polo menos, tres anos na agrupación e de comunicaren a súa baixa cunha antelación mínima de seis meses á súa data efectiva.

3. O censo indicativo correspondente ao conxunto de femias reprodutoras elixibles da entidade asociativa referirse ao 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.»

Seis. O número 2 do artigo 94 queda modificado como segue:

«2. O importe global máximo que se destinará a estes pagamentos é de 1.976.300 euros.»

Sete. Modifícase o artigo 95, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 95. *Requisitos.*

Ademais do establecido nas disposicións comúns do artigo 83, os agricultores que queiran optar a estas axudas en calquera das dúas liñas establecidas no artigo 94.1, deberán comercializar baixo os requirimentos exixibles en cada caso a produción de, polo menos, un 25 por cento das vacas de aptitude láctea da explotación. O cómputo das cantidades comercializadas para o cumprimento desta porcentaxe mínima exixida comezará a partir da data en que a denominación de calidade ou a etiquetaxe facultativa co logotipo «Letra Q» fose autorizada pola autoridade competente.»

Oito. Modifícase o número 6 do artigo 96 como segue:

«6. O importe das axudas por animal elixible será:

a) No caso de denominacións de calidade de ámbito comunitario: o importe completo da axuda.

b) No caso do resto de denominacións de calidade e etiquetaxe facultativa co logotipo Letra Q: o 80 por cento do importe completo da axuda.

En caso de que nunha explotación se comercialicen simultaneamente producións de calidade baixo denominacións de ambos os ámbitos, comunitario e nacional, o cálculo dos importes da axuda realizarase contabilizando as femias elixibles de cada ámbito de calidade por separado.»

Nove. Detectada unha errata no número 2, alínea q), do artigo 109, corríxese o segundo parágrafo deste, que queda redactado como segue:

«Antes do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude, lista dos esquemas de certificación de calidade que cumpran coas condicións establecidas na alínea f) do número 2 do artigo 96.»

Disposición transitoria única. *Aplicación.*

O disposto neste real decreto será de aplicación ás solicitudes das axudas previstas no Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, presentadas no exercicio 2011.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO